



PLAN DIXITAL

CEIP Península da Paz

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Tipo de centro: Público.

Denominación oficial: C.E.I.P. Península da Paz.

Código do centro: 27020859.

Provincia: Lugo.

Enderezo: Ctra. de Río Cobo, s/n. Lieiro. Cervo, 27890 San Cibrao.

Código Postal: 27890. San Cibrao. Cervo.

Teléfono: 982 829250 (secretaría/conserxería) 982 829251 (dirección)

Dirección de correo electrónico: ceip.peninsuladapaz@edu.xunta.gal

Páxina Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippeninsuladapaz/>

O C.E.I.P. Península da Paz sitúase na vila de San Cibrao, ao norte da provincia de Lugo, e pertence ao Concello de Cervo, que á súa vez está integrado na comarca de A Mariña Oriental. Este Concello tivo unha notable importancia no período histórico da Ilustración, coa ubicación aquí das Reais Fábricas de Sargadelos, na actualidade transformadas nunha importante industria da artesanía cerámica, na que se segue conservando esta tradición.

O ambiente económico e socio-cultural correspóndese cun nivel medio, coa característica de que a maioría de pais/nais de alumnos/as son traballadores da factoría ALCOA de Alúmina-Aluminio, situada nesta localidade. Un número importante de familias da nosa comunidade escolar viñeron doutras comunidades autónomas a traballar aquí (Asturias, Castela-León) e tamén doutros lugares de Galicia. Ademais, hai unha significativa porcentaxe de alumnos e alumnas, que son fillos de nativos da vila de San Cibrao, adicados a actividades varias: mariñeiras, comerciais... Da derradeira enquisa sociolingüística realizada ás familias do Centro, conclúese que: un 81,7 % dos alumnos son castelán-falantes.

O alumnado ascende aproximadamente a 140 escolares, dos cales 25 alumnos/as de 5º e 6º nivel de Primaria desenvolven a súa aprendizaxe no contorno dixital de

aprendizaxe Edixgal. Os equipos docentes reúnense alternativamente os luns de 16:00 a 18:00 h. A atención aos pais/nais e titores dos nosos alumnos/as é todos os luns de 18:00 a 19:00 h.

O colexio conta con 19 mestres/as; dos cales tres son compartidos con outro centro de primaria do Concello: 1 profesora de relixión, 1 mestra de AL e a orientadora escolar. Durante o curso escolar 21-22 a metade do claustro está formado por persoal interino ou con destino provisional. Sen embargo tras publicarse o novo CXT ao longo do curso 22-23 a totalidade do claustro estará formado por persoal con destino definitivo no centro. Este profesorado organízase en ciclos de dous anos (salvo a Educación Infantil). Así mesmo, ademais de aqueles órganos de coordinación docente contemplados na lexislación, no centro establécense diferentes equipos de traballo para facilitar a coordinación e o desenvolvemento das distintas competencias. Entre eles atopamos:

- Equipo encargado das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Equipo de dinamización da Biblioteca

A elaboración deste Plan Dixital persigue contribuír á consecución dos valores expresados no noso Proxecto Educativo, entre eles; construír unha escola plural e intercultural fomentando o coñecemento e o respecto cara ás diferencias ideolóxicas, relixiosas, sociais, culturais, idiomáticas..., para conseguir unha escola coeducativa, tolerante, solidaria e participativa. Impulsar un proxecto que potencie e estimule a autonomía organizativa e curricular que incardine a adquisición das competencias básicas, dos valores e as actitudes que propicien o desenvolvemento integral da persoa.

Así mesmo, este documento tratará na medida do posible contribuír ao logro dos obxectivos marcados no resto de plans e proxectos do centro, especialmente o proxecto da biblioteca e o proxecto lingüístico. Neste contexto, e tendo en conta que a implementación deste Plan Dixital se iniciará ao longo do curso 22-23, este documento será plantexado co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento da Planificación Xeral Anual de dito curso.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a consellería) persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino aprendizaxe, de xestión e de

relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización. O Regulamento polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021 establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación; que elimina as brechas sociais e territoriais que incentiva a formación continua e cre no talento, promocionando o emprendemento e a innovación, o reforzo das súas capacidades de investigación e a atracción e fomento da excelencia.

No Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, faise unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e que sexan xeradores de igualdade e de inclusión. Así como, na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia, cara a consecución dunha cidadanía dixital plena.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Tendo presente toda a fundamentación legislativa anteriormente citada, debemos ter en conta que os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez mais dixitalizado e por esa razón, os centros educativos deben dar respostas a esas necesidades e demandas da sociedade e mercado laboral co obxectivo de poder formar cidadáns do futuro coas competencias necesarias para desenvolverse nun entorno dixitalizado. O uso da tecnoloxía nas diversas prácticas que teñen lugar nunha organización escolar, dende as relacionadas coas cuestións organizativas, ata as propias dos procesos de ensinanza e aprendizaxe é xa ineludible.

A Educación é un recurso clave para asegurar a igualdade social, a promoción das persoas e mais xenéricamente a mellora das condicións de vida de comunidades e persoas. Así pois, a Estratexia Europa 2020 recoñece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais, que á súa vez permitan aproveitar as oportunidades. Por outra parte, as organizacións educativas teñen a necesidade de revisar as súas estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da Información e a comunicación, e dos recursos educativos dixitais. Neste

contexto a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 21-22. A elaboración deste Plan Dixital de Centro, pretende:

- Avaliar a situación do centro educativo con relación ao uso das TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
- Recoñecer o Plan Dixital de Centro como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.

Valorar a implicación das organizacións escolares para alcanzar unha cultura dixital

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración deste documento do centro seguiuuse o seguinte proceso.

- Setembro - Lectura e análise da Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022. por parte do coordinador do equipo TIC do centro.
- Setembro - Análise de dito documento legislativo por parte do Claustro e toma de decisións sobre as persoas responsables da elaboración do Plan Dixital. Acordándose que sexa parte deste equipo os seguintes docentes:
 - ..1..1. Jose Angel Riveira Cabaleira (Persoa directora do centro)
 - ..1..2. Sara Otero Gil (Coord. do equipo de biblioteca do centro)
 - ..1..3. Jaime Ardura López (Coord. do equipo encargado da elaboración do PD)
- 1 – 21 de Outubro - Elaboración e planificación da ferramenta SELFIE para a análise da situación de partida do centro.

- Novembro – Contacto co grupo de asesoramento ADIX
- Novembro – Envío do informe xerado pola Plataforma SELFIE.
- Febreiro – Primeira formación para a elaboración do PD enfocada aos Equipos directivos dos centros.
- Febreiro – Marzo – Elaboración e planificación do Test de Competencias Dixitais Docentes (CDD)
- Marzo – Primeira formación para a elaboración do análise DAFO segundo ás informacións obtidas na ferramenta SELFIE enfocada ós equipos encargados do PD.
- Abril – Segunda formación para a elaboración do PD enfocada ós equipos encargados do Plan Dixital.
- Maio – Elaboración do Plan Dixital por parte do equipo do Plan Dixital do centro.

Xuño – Aprobación polo Consello Escolar, unha vez oído el Claustro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro educativo conta co seguinte equipamento dixital.

ORDENADORES SOBREMESA			
	MARCA / MODELO	NUMERO DE SERIE	EXPEDIENTE
Dirección	Pantalla: HP (Prodisplay P201) CPU: HP (Prodesk)	CNK4460WW6 CZC5123L58	52/2014 LOTE I Monitor TFT/LCD 247521 52/2014 LOTE I Ordenador personal 247520
Secretaría	Pantalla: HP (Elitedisplay E222) CPU: HP (Prodesk)	CNK6271JMT Y4071ES#ABE	34/2016 Monitor TFT/LCD 247521 24/2016 Ordenador personal 247520
Jefatura Estudos	Pantalla: HP (Elitedisplay E222) CPU: HP (Prodesk)	CNK6271J8W CZC638BB30	34/2016 Monitor TFT/LCD 247521 34/2016 Ordenador personal 247520
Sala profesores	HP All-in-one PC (27dp0005ns)	8CC0330WVD	
4º de E.I	Pantalla: AIRIS (M190) CPU: NETWAY (NTW18240)	IFL170B16A03828 1824000018	
5º de E.I	Pantalla: BRIMAX (M1720A) CPU: Desconocido	ABM1720A07310016 030174940235	
6º de E.I	Pantalla: PHILLIPS (HNB7170T) CPU: LENOVO (Thinkcare)	AU4A0635000798 92657RG-LMHZ649	
1º de E.P	Pantalla: AIRIS (M190) CPU: COMPAQ (EVO D300V)	IFL170316A03835 6528 – KPTZ - Y0CF	
Relixión	Pantalla: APD (L773) CPU: U.P.I (C.P.C.)	2365BJA058284 U620055201	
Biblioteca	Pantalla: DELL (E177FPf) CPU: LG (3GO)	CN-0GU625-72872-6AH-1A5S 030174940043	SX – 11/06 – SU Lote I

ORDENADORES PORTÁTILES			
	MARCA / MODELO	NUMERO DE SERIE	EXPEDIENTE
4º de E.I	ASUS (X540L)	HANOCXO25454406	
5º de E.I	HP (15-da0158ns)	CND84761H3	
6º de E.I	LENOVO (V110 - 15IKB)	R90PG1XC	
1º de E.P	LENOVO (ThinkPad L 540)	R9 - 0FHCEG 15/03	102/2015 LOTE 1 247052 – Ordenador portátil
2º de E.P	ACER (TravelMate P246 series)	NXV9VEB0025121FE517600	
3º de E.P	DELL (Latitud D-820 - PP04X)	CN-0GF470-48643-6BF-0039	SX-11/06-SU LOTE II
4º de E.P	LENOVO (ThinkPad L 540)	R9-0FHCEY 15/03	102/2015 LOTE 1 247052 – Ordenador portátil
5º de E.P	HP (Probook 6550b)	CNU1405FZP	
AULA TIC	ACER (TravelMate 8571 series)	LXTTX02008016000632300	
	TOSHIBA Satellite	19349423Q	
PT	1. DELL (PP04X) 2. ACER (N16Q2)	CN-0GF470-48643-6BF-0074 NXVEPEB05492125F957600	
AULA TIC	HP (15s-fq2105ns)	5CD1205NWX	

ORDENADORES SOBREMESA AULA TIC			
	MARCA / MODELO	NUMERO DE SERIE	IDENTIFICADOR
Aula TIC	HP Slim Desktop PC	4CE0523QLV	1
Aula TIC	HP Slim Desktop PC	4CE0523QN0	2
Aula TIC	HP Slim Desktop PC	4CE0523QQB	3
Aula TIC	HP Slim Desktop PC	4CE0523QMN	4
Aula TIC	HP Slim Desktop PC	4CE0523QLD	5
Aula TIC	HP Slim Desktop PC	4CE0523QQE	6
Aula TIC	HP Slim Desktop PC	4CE0523QPN	7
Aula TIC	HP Slim Desktop PC	4CE0523QMY	8
Aula TIC	HP Slim Desktop PC	4CE0523QP8	9
Aula TIC	HP Slim Desktop PC	4CE0523QPV	10
Aula TIC	HP Slim Desktop PC	4CE0523QLZ	11
Aula TIC	HP Slim Desktop PC	4CE0523QQS	12

ORDENADORES PORTÁTILES CONVENIO ALCOA		
	MARCA / MODELO	NUMERO DE SERIE
1º de E.P	LENOVO IdeaPad 3 (15ITL6)	PF2N48P6
2º de E.P	LENOVO IdeaPad 3 (15ITL6)	PF2N4DR2
3º de E.P	LENOVO IdeaPad 3 (15ITL6)	PF2N4L6N
4º de E.P	LENOVO IdeaPad 3 (15ITL6)	PF2MWI7B
5º de E.P	LENOVO IdeaPad 3 (15ITL6)	PF2N2UEM
6º de E.P	LENOVO IdeaPad 3 (15ITL6)	PF2N1XBN
RELIGIÓN	LENOVO IdeaPad 3 (15ITL6)	PF2N2PA4
MÚSICA	LENOVO IdeaPad 3 (15ITL6)	PF2N1W5V

ORDENADORES PORTÁTILES CONVENIO ALCOA - PRÉSTAMO			
	MARCA / MODELO	NUMERO DE SERIE	ID KIT
1º de E.P.	ACER TravelMate Spin B3	NXVN8EB0051020283B2N00	EDD2755
2º de E.P.	ACER TravelMate Spin B3	NXVN8EB005102024732N00	EDD2761
3º de E.P.	ACER TravelMate Spin B3	NXVN8EB0051020246B2N00	EDD2762
4º de E.P.	ACER TravelMate Spin B3	NXVN8EB005102028082N00	EDD2756

PIZARRA DIGITAL INTERACTIVA			
	MARCA / MODELO	NUMERO DE SERIE	EXPEDIENTE
4º de E.I	ActiveBoard Promethean	C1611241203	40/2016 LOTE 4. 248036 Encerado Dixital Interactivo
5º de E.I	ActiveBoard Promethean	C1611240511	
6º de E.I	ActiveBoard Promethean	C1609100114	
1º de E.P	Smarttech Smartboard DVIT	G032GW43S0563	
2º de E.P	Smarttech Smartboard	SB580 210872	39104/GR/PZ/GR
3º de E.P	Smarttech Smartboard	SB680-R1-038115	Red.es 39104/GR/PZ/GR
4º de E.P	Multiclass Board MCI780-Dual	MCI780D1509110490	102/2015 LOTE 2. 248036 Encerado dixital interactivo
5º de E.P	Multiclass Board MCI780-Dual	MCI78010M2104160065	AMT-2021-0028-Lote 4. 248036 Encerado dixital interactivo
6º de E.P	Multiclass Board MCI78010M	MCI78010M2001180114	102/2015 LOTE 2. 248036 Encerado dixital interactivo
INGLÉS	Smarttech Smartboard	SV680-H2-A01213	Red.es 012/11-EDL2 (AU-GA-2011-1) 247416 – PDI

VIDEOPROYECTORES			
	MARCA / MODELO	NUMERO DE SERIE	EXPEDIENTE
4º de E.I	NEC NP-UM301XG (NP04WK)	7340615EJ	
5º de E.I	NEC NP-UM301XG (NP04WK)	7940018EM	
6º de E.I	NEC NP-UM301XG (NP04WK)	7940018EM	
1º de E.P	BENQ	PDP3F00139031	
2º de E.P	OPTOMA X371	Q7D6138XAAAEC1179	
3º de E.P	EPSON EB - X39	X4YK9200272	
4º de E.P	EPSON EB - 570	JK5500570	102/2015 LOTE 2 247417 - Videoproxector
5º de E.P	EPSON EB - 720	X8WT1500093	AMT-2021-0028. 247417 – Videoproxector ultracorta
6º de E.P	EPSON EB - 570	UKJK5400788	102/2015 LOTE 2 247417 - Videoproxector
AULA TIC	EPSON EB - 10	X89T1501901	
BIBLIOTECA	EPSON EB - W49	X8E70X1033L	
MÚSICA	EPSON EB - W05	X4GZ9900144	
INGLÉS	EPSON EMP-1715	JJ2G670207F	39204/AA/PU/AA
P.T.	BENQ MX 511	PDL7B01074001	
RELIXIÓN	EPSON EMP-745		Pendente de instalación

TABLETS		
	MARCA / MODELO	NUMERO DE SERIE
	HUAWEI MediaPad T3 10	4JPNU19B26406449
	APPLE Ipad WI-FI 128 GB Space Grey	DMPF8664Q1GG
	APPLE Ipad WI-FI 128 GB Space Grey	DMPF80HHQ1GG
	APPLE Ipad WI-FI 128 GB Space Grey	
	SAMSUNG GalaxyTab A7 64 GB Dark Grey	R9TR403L4WJ
	SAMSUNG GalaxyTab A7 64 GB Dark Grey	R9TR404KAQJ
	SAMSUNG GalaxyTab A7 64 GB Dark Grey	R9TR403L50J
	SAMSUNG GalaxyTabA	R52N60JF67X
	SAMSUNG GalaxyTabA	R52N60GNVDP

ARMARIOS DE CARGA			
	MARCA / MODELO	NUMERO DE SERIE	EXPEDIENTE
5º de E.P	PLEXUS EDUCAR	N2010EDUCAR 2104	2018/AM/0030 – LOTE 7 247422 – Armario de carga
6º de E.P	PLEXUS EDUCAR	N2010EDUCAR 2167	2018/AM/0030 – LOTE 7 247422 – Armario de carga

IMPRESORAS			
	MARCA / MODELO	NUMERO DE SERIE	EXPEDIENTE
Dirección	BROTHER MFC-J4410DW	E71489L2F472256	

ALTAVOCES EXTERNOS			
	MARCA / MODELO	NUMERO DE SERIE	EXPEDIENTE
4º de E.I.	Genius SP-K06	K300B318	
5º de E.I.	Labtec S-LAZ44	2028410221M	
6º de E.I.	Labtec 85	S0188B	
BIBLIOTECA	Labtec S-LAZ44	2028410221M	
AULA TIC	WOXTER		

Así mesmo, o centro participa no Proxecto Edixgal nos niveis de 5º e 6º de Educación Primaria. Ademais no centro empregamos a plataforma Abalar para a comunicación coas familias e a Web Dinámica do centro para proporcionar información a toda a comunidade educativa. O centro conta cunha aula virtual desenvolvida cara á aprendizaxe mixto no caso de ser necesario.

En referencia á participación do centro en diferentes programas e plans da Consellería de Educación, o centro participa nos contratos programa a través de catro liñas de acción: Inclúe-T, Integra-T, Iguala-T e Emociona-T. Do mesmo xeito, participamos no Programa ARCO co fin de seguir avanzando cara á consecución dunha escola de calidade e inclusiva que responda ás necesidades de todo o alumnado, e para continuar traballando polo fomento do éxito escolar. Ademais o centro encamiñase cara a inclusión no Programa de Bibliotecas Escolares para o vindeiro curso mediante a aprobación do PLAMBE.

Con respecto ao mantemento do equipamento, aquel integrado programa Edixgal, contam co soporte do Servizo Premium. Igualmente, os servizos de mantemento dos equipamentos dixitais do centro proporcionados pola administración educativa, contan co soporte da Unidade de Atención a Centros (UAC).

Cabe mencionar neste apartado que con respecto a todo o equipamento adquirido polo centro educativo que traballa cun sistema operativo Windows, na actualidade non contamos con ningún soporte nin mantemento.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Resultados obtidos no informe SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	3.5
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.3
	Alumnado	4
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	3.6
	Alumnado	4.2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	3.6
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	4.1
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.7
	Alumnado	3.8
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	3.2
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.3
	Alumnado	4

Resultados obtidos no Test de Competencias Dixitais Docentes (CDD)

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	11	81,8 %
PROVISIONAL	1	1	100 %
INTERINO	2	2	100 %
SUBSTITUTO	4	4	100 %
DESPPRAZADO	1	1	100 %

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
50,8	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	52,8	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador (B1)
PRI	48,4	Explorador/a (A2)	77	Integrador (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	4	23,5 %
A2	10	58,8 %
B1	2	11,8 %
B2	1	5,9 %
C1	-	-
C2	-	-
TOTAL	17	100 %

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> O centro non conta cun espazo polivalente que facilite a ensinanza e a aprendizaxe integrada das tecnoloxías dixitais. 	<ol style="list-style-type: none"> No noso centro a infraestrutura dixital respalda a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. (O centro conta con dispositivos e cun bo acceso a internet para facilitar a ensinanza e a aprendizaxe). O C.E.I.P. Península da Paz conta con dispositivos dixitais que son propiedade do centro e están xestionados por el e que o alumnado pode utilizar cando os necesita. No noso centro, hai dispositivos portátiles que son propiedade do centro o están xestionados por el e que o alumnado pode levar a casa cando sexa necesario.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> O noso profesorado necesita mellorar as súas competencias dixitais para integrar completamente as tecnoloxías dixitais na súa práctica diaria e asegurar así que o alumnado desenvolva habilidades dixitais para diferentes materias. En termos xerais, o equipo docente non presenta iniciativa nin motivación cara á formación e implementación das tecnoloxías dixitais na aula. O profesorado do centro non emprega os recursos dixitais para reforzar o seu método nin para adaptalo ás necesidades individuais do alumnado. No noso centro, o conxunto de docente non crea nin emprega recursos ou actividades de aprendizaxe dixitais que motiven ó alumnado e fomenten a súa creatividade. O equipo docente non aproveita completamente as posibilidades das tecnoloxías dixitais na avaliación. Concretamente para: <ul style="list-style-type: none"> Heteroavaliación (Avaliación das habilidades do alumnado e facilitar unha 	<ol style="list-style-type: none"> O equipo docente do centro debate sobre as vantaxes e desvantaxes da ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. No noso centro debatemos sobre as nosas necesidades de Desenvolvemento Profesional Continuo no relativo á ensinanza con tecnoloxías dixitais. O conxunto de docentes do centro busca recursos educativos dixitais, sen embargo, estes non son procurados para a súa implementación en liña na aula. Noso profesorado fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. Empregamos tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ó centro educativo. O conxunto do persoal do centro apoia e séntese apoiado para explorar novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.

	<p>retroalimentación axeitada)</p> <ul style="list-style-type: none"> · Autoavaliación (A reflexión do alumnado sobre a súa aprendizaxe) • Coavaliación (Realizar observacións construtivas sobre o traballo dos seus compañeiros) 	
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	<p>10. O alumnado do centro necesita participar en actividades de ensinanza e aprendizaxe para:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actuar de xeito seguro en internet. • Comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa. • Comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais. 	<p>11. O alumnado do centro ten nocións básicas sobre como actuar de maneira responsable en internet.</p>
FAMILIAS	<p>12. O centro non conta con medidas fiables para identificar as dificultades que xurden co aprendizaxe mixto relacionados cas necesidades de aprendizaxe dos alumnos e o seu contexto socioeconómico.</p>	<p>13. Boa relación coa ANPA do centro 14. Participación das familias</p>
OFERTA	<p>15. Noso centro necesita poñer en marcha proxectos integrados de ensinanza e aprendizaxe vinculados con tecnoloxías dixitais, concretamente:</p> <ul style="list-style-type: none"> · Aprender a crear contidos dixitais. · Aprender a codificar ou programar. 	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1. O centro non conta cunha estratexia dixital; o cal implica que non avaliamos os nosos progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>2. Non noso centro o profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais, desenrolar materiais ou dar retroalimentación al alumnado.</p>	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. No noso centro a infraestrutura dixital aportada pola administración educativa non respalda a ensinanza e a aprendizaxe cas tecnoloxías dixitais. 2. A inestabilidade laboral do persoal docente non permite o desenvolvemento dunha estratexia dixital a curto ou longo prazo. 3. A asistencia técnica do centro cando xurde un problema cas tecnoloxías dixitais é lenta, ineficaz e non resolve os problemas na súa totalidade. 4. As características do software instalado en los equipos utilizados no centro non corresponden ca realidade dixital fora do mesmo. 5. Noso centro non conta cun espazo físico polivalente que facilite a ensinanza e a aprendizaxe integrada con tecnoloxías dixitais. 6. O profesorado do centro non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais 7. A utilidade da orientación ou do asesoramento interno, así como de todos as vías de formación permanente do profesorado, dependen da súa idoneidade con respecto ás necesidades do profesorado e da súa utilidade práctica na aula. 8. O profesorado do centro ten dificultades á hora de empregar as tecnoloxías dixitais para facilitar la colaboración entre el alumnado cando as ferramentas postas a disposición tanto do equipo docente como do alumnado esta condicionada por problemas de compatibilidade e uns criterios de seguridade, na nosa opinión, demasiado estritos. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Noso profesorado ten acceso a posibilidades de Desenvolvemento Profesional Continuo no relativo á ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 9. A Administración educativa axuda ao noso profesorado a que intercambien experiencias dentro da comunidade educativa sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais.
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Tanto a lexislación educativa coma lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo impide que as ideas contempladas na mesma non sexan aplicables á 	

	<p>realidade educativa do noso centro nas condicións horarias e de coñecementos do profesorado.</p> <p>2. As características do software empregados nos centros impide en moitas ocasións a utilización das tecnoloxías dixitais al colaborar con outras organizacións.</p>	
CONTORNA		<p>1. Boa relación coa ANPA do centro.</p> <p>2. Participación das familias nas actividades propostas polo centro.</p>
ANPA	<p>1. Baixa competencia dixital das familias.</p> <p>2. Faise necesario establecer proxectos integrados de aprendizaxe nos que colaboraren organizacións externas ao centro.</p> <p>3. As familias do centro non empregan as tecnoloxías dixitais dispoñibles fóra do centro con fines de aprendizaxe. Sen embargo, empregan ditos dispositivos para o ocio.</p>	<p>1. Baixa competencia dixital das familias.</p> <p>4. O alumando ten acceso a dispositivos dixitais fóra do centro para a realización das tarefas escolares.</p> <p>5. Existen estratexias de comunicación con outros centros educativos.</p> <p>6. No noso centro realízanse actividades en colaboración con persoas e institucións alleas ao centro educativos.</p>
OUTRAS ENTIDADES	<p>1. No noso non se dispoñe de asistencia técnica eficaz e inmediata cando xurden problemas co hardware dos dispositivos dixitais.</p>	

3. Plan de Acción

Este documento, nesta primeira versión (1.0) perseguirá os seguintes obxectivos:

1. Desenvolver as competencias dixitais do conxunto do profesorado do centro.
2. Establecer un espazo no centro que facilite o desenvolvemento de tarefas integradas vinculadas ás aprendizaxes dixitais e creativas.
3. Organizar os horarios do centro para facilitar as tarefas de coordinación e asesoramento e ensinanza e aprendizaxe de coñecementos dixitais por parte do profesorado.
4. Mellorar os servizos de mantemento informático do centro.
5. Establecer una estratexia dixital que inclúa unha progresión de contidos dixitais ao longo dos niveis.

Este obxectivos, aínda sin ser a totalidade dos formulados polo equipo coordinador do Plan Dixital despois da análise dos resultados contemplados tanto no informe da ferramenta SELFIE, como no test CDD; son considerados os máis importantes para acadar durante o curso da implementación do Plan Dixital 2022-2023. Sen embargo, faise necesario continuar coa labor aquí iniciada nos vindeiros cursos e nas seguintes versións deste documento.

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

3.2. Táboas de Obxectivos do Plan de Acción

3.3. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

1. Mobiliario para a biblioteca co fin de acondicionar un espazo maker.
 - Mesas abatibles y portátiles para o almacenamento horizontal.
 - Cadeiras lixeiras e apilables de cores diversos.
 - Banquetas para o posto TIC.
 - Cadeiras con rodas.
 - Gradás.
 - Carro de carga para as tablets.

- Bancos de traballo.

2. Audiovisual cara á posibilidade de participación en programas de innovación educativa (radio no centro, Nós tamén creamos, creación de contidos de aprendizaxe....)

- Cámaras de fotografía e vídeo
- Trípodes e gimbals
- Sistemas de grabación de audio e radio,
- Soportes para tabletas,
- Equipación de iluminación
- Gafas de RV.

3. Electrónica, robótica e tecnoloxía (co fin de equipar un espazo maker dentro da biblioteca).

- Kits de electrónica básicos e avanzados para diferentes idades
- Robots de solo y programables.
- Impresión 3D
- Xogos de construción de pezas encaixables (básicos, en madeira o magnéticos),
- Pistolas de aire quente e de pegamento termofusible, plotters de corte, plastificadoras

4. Informática:

- Monitor de gran tamaño para a biblioteca do centro (o actual está obsoleto)
- Monitor táctil de gran tamaño para as aulas de educación primaria (na actualidade a tecnoloxía empregada non facilita a ensinanza dixital interactiva, ademais a tecnoloxía de punteros mediante infravermellos xenera moitos erros)
- Ordenador de sobremesa para a biblioteca (o actual está obsoleto)

Tableiros interactivos para as aulas de infantil (coa finalidade de facilitar o aprendizaxe dixital manipulativo mais alá da utilización do equipamento do persoal docente).

"Área/s de mellora": D - Desenvolvemento profesional continuo

OBXECTIVO 1	Desenvolver as competencias dixitais do conxunto do profesorado do centro.		Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador/a do PFPP. Claustro do profesorado. Coordinador/a do CFR da zona.		Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	A realización de actividades de formación vinculadas ás aprendizaxes dixitais.		
Valor de partida	1 Actividade de formación vinculada ás TIC.		
Valor previsto e data	3 Actividades de formación vinculadas ás TIC (1 por trimestre). Preferiblemente: <ul style="list-style-type: none"> Creación de contidos dixitais. Gamificación. Dinamización das TIC na aula. Incluindo a avaliación	30/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Analizar as necesidades reais de formación do Claustro do centro.	Coordinador/a do PFPP. Coordinador do Plan Dixital. Claustro de profesores/as do centro.	30/09/2022	Cuestionario para o profesorado sobre as necesidades de formación vinculada a aprendizaxe dixital.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Solicitar actividades de formación ao CFR da zona.	Coordinador/a do PFPP. Coordinador/a do CFR da zona.	31/10/2022	Comunicación fluída e eficaz co CFR da zona.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Establecer un calendario para a realización das actividades ao longo do curso.	Coordinador/a do PFPP. Coordinador/a do	31/10/2022	Comunicación fluída e eficaz co CFR da zona.		Realizada
					Aprazada

	CFR da zona.				Pendente
--	--------------	--	--	--	----------

"Área/s de mellora": C - Infraestructuras e Equipos

OBXECTIVO 2:	Establecer un espazo no centro que facilite o desenvolvemento de tarefas integradas vinculadas ás aprendizaxes dixitais e creativas.	Acadado
RESPONSABLE:	Persoa que exerza a dirección do centro. Persoa que exerza a coordinación do equipo de biblioteca. Persoa que exerza a coordinación do equipo TIC e do Plan Dixital.	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O acondicionamento dunha zona do centro (preferiblemente a biblioteca) no que se desenvolvan actividades integradas vinculadas con aprendizaxes dixitais.	
Valor de partida	1 Espazo proxectado pero non acondicionado para este fin.	
Valor previsto e data	Acondicionamento de 1 espazo para tal fin na biblioteca do centro que teña os seguintes recursos. <ul style="list-style-type: none"> Dispositivos dixitais e materiais creativos. Recursos en liña para o aprendizaxe. Horario de utilización para toda a comunidade educativa.	30/06/2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Obter fondos a través de la presentación do proxecto de biblioteca á seguinte convocatoria do PLAMBE 22/23	Persoa coordinadora do equipo de biblioteca	30/09/2022	Proxecto de biblioteca Orzamento reservado para mobiliario e equipamento vinculado a aprendizaxes dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Obter equipamento a través da presentación dun proxecto para desenvolver POLOS CREATIVOS no	Persoa coordinadora do Plan Dixital	31/10/2022	Documento de presentación do proxecto dos POLOS CREATIVOS Presentar a solicitude		Realizada	
					Aprazada	

centro.					Pendente	
AO2.3. Establecer un plan de compras en función das necesidades especificadas tanto no PLAMBE como no POLO CREATIVO	Persoa que exerza a Secretaría do centro Persoa coordinadora do Plan Dixital Persoa coordinadora do equipo de biblioteca.	31/12/2022	Listaxe de equipamento necesario en función das necesidades Lista de mobiliario necesario en función das necesidades Presupostos dos distintos subministradores. Realizar as adquisicións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Establecer un horario para a realización das actividades especificadas tanto no proxecto do PLAMBE como no proxecto do POLO CREATIVO.	Persoa que exerza a Xefatura de Estudos do centro. Persoa coordinadora do Plan Dixital. Persoa coordinadora do equipo de biblioteca.	31/12/2022	Horarios de actividades de familiarización e aprendizaxe para o profesorado. Horarios dos diferentes grupos coas horas de actividades. Horarios para a realización de actividades para as familias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": A - Liderado						
OBXECTIVO 3:	Organizar os horarios do centro para facilitar as tarefas de coordinación, asesoramento e ensinanza e aprendizaxe de coñecementos dixitais por parte do profesorado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa que exerza a Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Establecer polo menos unha semana cada trimestre que permita a titoría entre iguais para o profesorado do centro.					
Valor de partida	0 semanas ao longo do curso para a formación entre iguais					
Valor previsto e data	3 semanas ao longo do curso para a formación entre iguais			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Analizar as necesidades reais de formación do Claustro do centro.	Coordinador/a do PFPP. Coordinador do Plan Dixital. Claustro de profesores/as do centro.	30/09/2022	Cuestionario para o profesorado sobre as necesidades de formación vinculada a aprendizaxe dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Identificar o profesorado do centro que ten maiores niveis de coñecementos dixitais	Coordinador do Plan Dixital. Claustro de profesores/as do centro.	30/09/2022	Informe da aplicación dos test CDD Cuestionario para o profesorado sobre as necesidades de formación vinculada a aprendizaxe dixital.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Establecer un plan de aprendizaxe en función das necesidades do claustro e os coñecementos dos docentes-titores	persoa que exerza a coordinación do Plan Dixital. A persoa que exerza a coordinación do Equipo TIC.	30/11/2022	Documento cos emparellamentos entre docentes e docentes-titores Documento cos temas a tratar ao longo das tres semanas de formación interna.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C - Infraestruturas e Equipos						
OBXECTIVO 4:	Mellorar os servizos de mantemento informático do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa que exerza a dirección do centro. Persoa que exerza a coordinación do equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Contratar un servizo de mantemento e asistencia técnica externo ao centro.					
Valor de partida	50% Mantemento e asistencia técnica da UAC para dispositivos Debian					
Valor previsto e data	100% Mantemento e asistencia técnica externa para todos os dispositivos do centro.			31/10/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
4.1. Solicitar orzamentos a empresas de asistencia técnica da zona.	Persoa que exerza a dirección do centro. Persoa que exerza a coordinación do equipo TIC.	30/09/2022	Listaxe de teléfonos de empresas locais que proporcionan estes servizos. Orzamentos das empresas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
4.2. Contratar unha empresa de mantemento informático da totalidade de dispositivos do centro.	Persoa que exerza a dirección do centro. Persoa que exerza a coordinación do equipo TIC.	30/09/2022	Orzamentos das empresas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E – Pedagogía: Apoio e Recursos						
OBXECTIVO: 5	Establecer una estratexia dixital que inclúa unha progresión de contidos dixitais ao longo dos niveis.				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa que exerza a xefatura de estudos Comisión de Coordinación Pedagóxica				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Elaborar un documento (Plan de Estudos Dixitais) no que se especifiquen de xeito progresivo os coñecementos dixitais que o alumnado ten que acadar en cada un dos niveis.					
Valor de partida	0 documentos de Plan de Estudos Dixitais					
Valor previsto e data	1 documento de Plan de Estudos Dixitais			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Realizar unha reunión de todo o Claustro para informar acerca da necesidade de elaborar un Plan de Estudos Dixitais	Equipo directivo	31/12/2022	Un lugar para a reunión (biblioteca do centro)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Realizar reunións de cada nivel para especificar cales son os contidos que se traballarán en cada un deles e realizar un documento dixital con esta información.	Persoa que exerza a xefatura de estudos Persoas que exerza as coordinacións de Ciclo Equipos de Ciclo.	31/03/2023	Lugares para a distintas reunións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Realizar unha reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica para analizar os documentos elaborados polos equipos de ciclo e elaborar o Plan de Estudos Dixitais.	Equipo Directivo Comisión de Coordinación Pedagóxica	30/06/2023	Lugar para a reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

A principio do curso, no mes de setembro, o equipo do Plan Dixital realizará unha reunión inicial co obxectivo de establecer os calendarios de accións incluídas neste documento así como a proposta destas accións ao resto do Claustro do centro.

O seguimento do Plan Dixital se realizará de maneira trimestral mediante reunións do Equipo do Plan Dixital. Nestas reunións valorarase o grado de consecución dos obxectivos marcados en cada unha das accións detalladas.

No caso de que as accións non sexan realizadas e os obxectivos non poidan ser alcanzados en tempo e forma, se analizará o motivo deste atraso e se realizarán as modificacións necesarias para a futura realización da actividade así como a data para a cal se empraza o logro do obxectivo e o desenvolvemento das accións encamiñadas á súa consecución.

No caso de que as accións non se poidan realizar no curso, as accións quedarán como pendentes especificando o motivo. Neste caso, realizarase igualmente unha análise pormenorizada das causas e un calendario para a realización de modificacións enfocadas na súa realización.

Ademais, se realizarán todas aquelas reunións do equipo que se consideren necesarias. Destas reunións levantarase acta nas que se indicarán todas aquelas decisións e acordos adoptados polo equipo así como todas aquelas cuestións que se consideren relevantes para a realización e o seguimento do Plan Dixital do Centro.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

No mes de maio o equipo do Plan Dixital elaborará un cuestionario para coñecer a percepción das accións desenvolvidas no Plan Dixital por parte do persoal docente e o equipo directivo. Nestes cuestionarios se solicitarán propostas de mellora para futuras versións do Plan Dixital cara ós seguintes cursos. Unha vez finalizado o curso, o equipo do Plan Dixital realizará unha reunión final co obxectivo de analizar as accións realizadas e para a elaboración da segunda versión do Plan Dixital do centro.

5. Difusión do plan

Este documento será difundido a toda a comunidade educativa do centro . En primeiro lugar será analizado polo Claustro de profesorado do centro na última reunión do curso para a súa aprobación e posteriormente será presentado ao Consello Escolar do Centro.

Unha vez aprobado polo Consello Escolar será publicado na web dinámica do centro para a súa difusión.